

NOTA DE PRENSA

O EMBAIXADOR COONEY RESALTA OS VÍNCULOS ENTRE IRLANDA E GALIZA NA PRESENTACIÓN DA CONMEMORACIÓN NA CORUÑA DO LEVANTAMENTO DE PASCUA DE 1916

- Os profesores da UDC Antonio De Toro e David Clark ofrecerán mañá (Fundación Abanca, 19.30 horas) a primeira conferencia dentro dos actos que organiza a CRMH.
- O Embaixador da República de Irlanda en España, **David Cooney**, será recibido esta tarde (18.00) polo Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, en Monte Pío. Pola mañá, Conney visitou na Coruña Concello, a Deputación e o Reitorado da UDC.

A Coruña, 7 de marzo do 2016.- O Embaixador da República de Irlanda en España, David Cooney, salientou esta mañá os fortes vínculos culturais entre seu país e Galiza durante a presentación dos actos de conmemoración do Levantamento de Pascua de 1916 que organiza na Coruña a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. “Síntome na casa aquí na Galiza e desexo traballar cas autoridades e líderes da comunidade para afondar nesas relacións”, dixo David Cooney, para quen as afinidades se reflicten especialmente na música, alén das lendas, da paisaxe e mesmo do ADN, e citou como exemplo a Luar na Lubre e a Carlos Núñez.

A seu lado, Antonio De Toro, director do Instituto de Investigación de Estudos Irlandeses da Universidade da Coruña (Amegin), sinalou os vínculos entre as Irmandades da Fala e as organizacións que promoveron a lingua irlandesa a finais do século XIX, inda que asegurou que no percibe no grupo de Vilar Ponte non tivo una influencia directa do Levantamento de 1916. De Toro ofrecerá mañá, xunto o tamén profesor da Universidade da Coruña, David Clak, a conferencia inaugural dos actos na Coruña.